



OURENSE, TRES DE MAIO DE DOUS MIL VINTECATRO

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 26-2024 / TEMPADA 2023-24

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA 2ª DIVISIÓN ABS

Equipos participantes: RCN VIGO -- CW SANTIAGO

Día, hora e lugar: RCNV -- 14/4/24 -- 14:45

FEITOS

FEITO PRIMEIRO: O día 17/4/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

No minuto 00:01 do último período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador n.º 12 visitante, D. A. González González (n.º lic. 1023190) por protestar reiterada e airadamente decisións arbitrais tras sancionárselle unha exclusión en contra berrando nos seguintes termos: «¡Me cago en la puta! ¡A él le pitan todo y a mí nada! ¡Hostia ya!».

Unha vez rematado o encontro achégase á parella arbitral para desculpase pola súa conduta.

FEITO SEGUNDO: O día 17 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: Non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras:

Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor ao xogador n.º 12 visitante, D. A. González González (n.º lic. 1023190), con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN LEVE, computada no seu **grado mínimo** consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente